

CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA O CONTROL DA INCAPACIDADE TEMPORAL DURANTE O PERÍODO 2021-2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico DECLARA:

Que o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e a Consellería de Sanidade formalizaron en data 19.01.2021 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que remata o 23.04.2023, con posibilidade de prórroga de ata dous anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para acadar os obxectivos fixados no Plan de Actuacións para a modernización e mellora da xestión, o control da IT e a racionalización do gasto da prestación durante a vixencia deste convenio. Para levar a cabo estes fins, a Comunidade Autónoma de Galicia participa no crédito dispoñible, que ascenderá para cada exercicio á contía que resulte de distribuír o crédito global aprobado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano, entre as distintas CC.AA. e INGESA en proporción ao número de asegurados con dereito á prestación de Incapacidade Temporal no Sistema da Seguridade Social. Para o período 2021-2022, o crédito dispoñible é o sinalado na cláusula segunda do presente convenio.

A Comunidad Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, obrígase á realización, ata o 31.12.2022, do Plan de Actuacións que se acompaña como Anexo ao Convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O INSS, en tanto que entidade xestora da Seguridade Social, ten atribuídas competencias para xestionar e controlar a prestación por incapacidade temporal (IT). Porén, destacan entre as súas funcións a da determinación do carácter común ou profesional da enfermidade que orixina a situación de IT, así como a determinación das entidades colaboradoras responsables das prestacións que poidan resultar procedentes en materia de incapacidades laborais.

A Comunidade Autónoma de Galicia, pola súa banda, de conformidade co establecido no Real Decreto 1679/1990, do 28 de decembro, é competente para prestar a Asistencia Sanitaria da Seguridade Social e, a través dos facultativos do seu Servicio Público de Saúde (SPS), estender os partes médicos de baixa, confirmación da baixa e alta que establecen o inicio e a duración, con carácter xeral, dos procesos de IT no seu territorio. Asemade, en virtude dos procedementos regulados no Real decreto 625/2014, do 18 de xullo, a Inspección Médica do

Servizo Público de Saúde participará na xestión e control da prestación por IT xunto coas entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

